

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O ESTABLECIMENTO DE NORMAS E PAUTAS ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA, DE LIMPEZA E DE CONTROL AMBIENTAL DAS PRAIAS DESTINADAS Á PREVENCIÓN DA COVID-19**

Con data 10 de xullo de 2020, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou un convenio de colaboración co Concello de Cedeira para o establecemento de normas e pautas organizativas de seguridade e vixilancia, de limpeza e de control ambiental das praias destinadas á prevención da COVID-19.

O obxectivo básico da actuación é a implantación e mantemento de normas e pautas organizativas, de seguridade e vixilancia, de limpeza e hixiene e de control ambiental das praias que garantan o seu uso seguro durante a época estival, controlando e previndo un rebrote da COVID-19.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coopera na realización das actuacións mediante as achegas máximas e con cargo ás aplicacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2020 que se indican no cadro inserido a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA MÁXIMA (en €)	PORCENTAXE DE FINANCIAMENTO
05.23.141A.461.0	871,20€	75%
05.23.141A.761.1	7.000,00 €	25,80%
Total	7.871,20€	

O compromiso de gasto contabilizouse o 24 de xullo de 2020 na referencia 2020-05-00807 (índice 2) e número de operación 1120200520004374.

O concello interesou unha modificación do proxecto subvencionado que se concreta nunha reestruturación das actuacións sobre as pasarelas de acceso á praia, con natureza de investimento, que implica unha correlativa minoración do custo de execución. A modificación non altera os presupostos inicialmente establecidos, se ben implica un incremento da porcentaxe de financiamento da parte concedente, nin hai substitución do obxecto da subvención.

A comisión mixta prevista na cláusula décimo terceira do convenio, reunida para estudar a solicitude do concello, propuxo a formalización dunha addenda ao convenio que recolla as modificacións procedentes no texto.

Con base en todo o anterior, ambas as partes acordan:

1. A modificación da cláusula primeira do convenio, para recoller o novo importe do orzamento elixible total que será de 13.842,40 €.
2. Na cláusula terceira, modifícase a % de financiamento que a cantidade consignada na aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 representa sobre o orzamento das actuacións con natureza de investimento, que pasa do 25,80% ao 50,57 %.
3. Modifícase o detalle do orzamento incorporado como anexo ao convenio e do cal forma parte, polo que se inclúe como anexo a esta addenda.

Con base en todo o anterior,





ACORDO

1. Iniciar os trámites en orde á formalización da addenda ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cedeira para o establecemento de normas e pautas organizativas de seguridade e vixilancia, de limpeza e de control ambiental das praias destinadas á prevención da COVID-19.
2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e á Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A subdirectora xeral de Xestión e Cooperación Económica coas EELL

Raquel Bahillo Varela

(documento asinado electronicamente)

